

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refº:

ACTA_LECTURA_INFORME_ADXUDICACION_CONTENEDORES_SOTERRADO
S.doc

Asunto:

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE CONTENEDORES SOTERRADOS NO CONCELO DE LUGO. ACTUACIÓN INCLUÍDA NO PROXECTO URBAN (INICIATIVA URBANA) CO 70 % DE COFINANCIAMENTO DA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013) (Proxecto nº 09UR3201 URBAN contedores soterrados recollida selectiva).

Sendo as 13.30 horas do día 12 de decembro de 2011, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Sra. Dona Sonia Méndez García, Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación e actuando como vocais:

- Dona Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal Socialista.
- Dona Paz Abreira Sobrado, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.
- Don Ángel Trabada Gómez, polo grupo Municipal do Partido Popular.
- Dona Elva Anido Anido, Xefa do Servizo de Intervención.
- Dona Ana Isabel Sáez Mancebo, Letrada Asesora da Asesoría Xurídica do Concello.
- Dona Ana Tabarés Martínez, Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello, actuando como Secretaria.

Asisten así mesmo don José Antonio Pena da empresa CONTENUR, S.L. e don Ángel Pérez da empresa SALMANTINA CARD, S.L.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese por parte da Sra. Secretaria a dar lectura do informe emitido polo Enxeñeiro de Montes do Servizo de Medio Ambiente, do día 30 de novembro de 2011, no que sinala que as empresas SANIMOBEL, S.A, CONSTRUCCIÓN TÉCNICA GCM, S.L., SERVICIOS Y CONTRATAS CASA MAESTRA, S.L., EQUIPOS ECOLÓGICOS DEL NOROESTE, S.L. non cumpren coas estipulacións fixadas nos pregos de condicións, e na súa consecuencia deben ser excluídas da licitación. Dito informe ten o seguinte teor literal:

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refº:

ACTA_LECTURA_INFORME_ADXUDICACION_CONTENEDORES_SOTERRADO
S.doc

Asunto:

“O presente informe emítase a petición do Servizo de contratación e Fomento, relativo á contratación de suministro e instalación de contedores sorterrados. De seguido, enuméranse as características de determinadas ofertas que non cumpren co prego de condicións do concurso.

SANIMOBEL, S.A.: Presenta unha oferta que, tras analizar a documentación aportada e fichas técnicas de equipos instalados noutras localizacións da xeografía española, non cumpre co establecido no prego de condicións do concurso. Os paños do contedor de Sanimobel, así como as cantoneras, portas e outros elementos din na súa ficha técnica que están galvanizados en quente, cando realmente están preg galvanizados. O galvanizado en quente debe realizarse por inmersión completa nunha cubeta a 450º de temperatura, pasando por una fase de decapado, aclarado e inmersión na antedita cuba. Este proceso é fundamental para a conservación do equipo, e para garantir a vida útil do mesmo. Por tanto, enténdese que esta oferta debe ser excluída do concurso.

GCM: esta empresa presenta na oferta equipos fabricados por Teconsub. Estes equipos non posúen –tal e como indica o prego- un dado de formigón prefabricado, necesario para evitar tanto infiltracións de lixiviados ao terreo como filtracións de auga no interior do contedor. A estrutura de formigón está formada por paredes de formigón unidas mediante pletinas. Ademais, este equipo non dispón da plataforma de seguridade esixida no prego de condicións, substituíndo este elemento de seguridade por unha barandilla, elemento que non se considera axeitado para garantir a seguridade. Por tanto, enténdese que esta oferta debe ser excluída do concurso.

CASA MAESTRA: A oferta técnica deste licitador é idéntica á presentada por GCM. Presenta os mesmos equipos, polo que reproduce as deficiencias indicadas no punto anterior. Estes equipos non posúen –tal e como indica o prego- un dado de formigón prefabricado, necesario para evitar tanto infiltracións de lixiviados ao terreo como filtracións de auga no interior do contedor. A estrutura de formigón está formada por paredes de formigón unidas mediante pletinas.

Ademais, este equipo non dispón da plataforma de seguridade esixida no prego de condicións, substituíndo este elemento de seguridade por unha barandilla, elemento que non se considera axeitado para garantir a seguridade. Por tanto, enténdese que esta oferta debe ser excluída do concurso.

EQUIPOS ECOLÓGICOS DEL NOROESTE: Estes equipos non posúen –tal e como indica o prego- un dado de formigón prefabricado, necesario para evitar tanto infiltracións de lixiviados ao terreo como filtracións de auga no interior do contedor. A estrutura de formigón está formada por paredes de formigón unidas mediante pletinas.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refº:

ACTA_LECTURA_INFORME_ADXUDICACION_CONTENEDORES_SOTERRADO
S.doc

Asunto:

Os paños do contedor ofertado por este licitador, así como as cantoneras, portas e outros elementos din na súa ficha técnica que están galvanizados en quente, cando realmente están pregalvanizados. O galvanizado en quente debe realizarse por inmersión nunha cubeta a 450º de temperatura, pasando por una fase de decapado, aclarado e inmersión na antedita cuba. Este proceso é fundamental para a conservación do equipo, e para garantir a vida útil do mesmo.

Por tanto, enténdese que esta oferta debe ser excluída do concurso. Por tanto, enténdese que esta oferta debe ser excluída do concurso.

É canto procede informar, polo técnico que suscribe, ós efectos oportunos.”

A vista do anterior, por parte da Secretaria infórmase que ao excluír as anteriores empresas, deberá realizarse unha nova valoración na que se teña en conta soamente as empresas admitidas. Na súa consecuencia, a puntuación queda do seguinte xeito:

Empresas	Baixa	Puntos	Incremento garantía	Puntos	TOTAL
Plastic Omnium	90.421,99	80	4	6,15	86,15
Contenur	76.819,12	67,96	10	15,38	83,34
Salmantina Card	77.896,28	68,92	8	12,31	81,23
Formato Verde	54.247,60	48	8	12,31	60,31
Albatros	37.164,46	32,88	1	1,54	34,42
Equinord	48.091,07	42,55	13	20	62,55

Neste momento toma a palabra o representante da empresa CONTENUR, S.L. e manifesta a súa protesta, xa que entende que as empresas que se sinalan no informe do Enxeñeiro de Montes que non cumpren coas estipulacións do prego de condicións, deben puntuarse con 0 puntos e non facer unha nova valoración onde non sexan tidas en conta.

Por parte da Secretaria se lle procede a explicar que non poden dárselles 0 puntos xa que ditas ofertas non poden ser obxecto de valoración toda vez que non cumpren o prego, podendo ocorrer, de seguir ese criterio, que resultase adjudicataria algunha empresa e non puidese cumprir co obxecto do contrato nos termos descritos do prego de prescripcións técnicas.

Á vista do anterior, por parte da Mesa de Contratación acordouse por unanimidade, propoñer:

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refº:

ACTA_LECTURA_INFORME_ADXUDICACION_CONTENEDORES_SOTERRADO
S.doc

Asunto:

- A exclusión das empresas SANIMOBEL, S.A, CONSTRUCCIÓN TÉCNICA GCM, S.L., SERVICIOS Y CONTRATAS CASA MAESTRA, S.L., EQUIPOS ECOLÓGICOS DEL NOROESTE, S.L., con base o sinalado no informe do Enxeñeiro de Montes, antes citado.
- A adxudicación da presente contratación á empresa PLASTIC OMNIUM SISTEMAS URBANOS, S.A. na cantidade de 136.626,29 €, un aumento do prazo de garantía sobre o mínimo de dous anos esixibles, de 4 anos, e demais condicións establecidas na súa oferta.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14.00 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Ana Tabarés Martínez